

DECRETO DA ALCALDIA.

ASUNTO: AXUDAS PARA O TECIDO ECONOMICO E EMPRESARIAL DE VILA DE CRUCES 2021.

EXPEDIENTE Nº: 866/2021

Vista a providencia de Alcaldía de data 19 de outubro de 2021 na que se explica a necesidade de convocar as axudas destinadas ao mantemento do tecido empresarial de Vila de Cruces co obxectivo de mitigar os efectos económicos producidos en determinados sectores da economía municipal especialmente perxudicados pola pandemia por COVID-19.

Vista a convocatoria de axudas para o tecido económico e empresarial de Vila de Cruces 2021, aprobada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada con data 16 de novembro de 2021.

Visto o Anuncio publicado no BOPPO num. 237, de data 09/12/2021, da citada convocatoria,

Visto que a día de hoxe é imposible tramitar as axudas convocadas, debido ao corto periodo de tempo dentro do exercicio económico vixente,

Á vista do anterior, **RESOLVO:**

PRIMEIRO: Avocar a competencia, - previamente delegada na Xunta de Goberno Local-, para o caso específico que nos ocupa, de conformidade coa Lei 40/2015, de 1 de outubro, do réxime xurídico das administracións públicas.

SEGUNDO: Deixar sen efecto o acordo adoptado pola da Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada con data 16 de novembro de 2021, respecto da convocatoria de axudas para o tecido económico e empresarial de Vila de Cruces 2021.

TERCEIRO: Suspende o procedemento de tramitación das axudas para o tecido económico e empresarial de Vila de Cruces 2021.

CUARTO: Publicar o presente Decreto no BOPPO, na páxina web do concello www.viladecruces.es, así como no Taboleiro de Anuncios municipal, a efectos de xeral coñecemento.

Mándao e asíno o Alcalde, na data indicada á marxe, do que como Secretario en funcións da Corporación, dou fe.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE Á MARXE

